

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Os traballadores de Alcoa agardan con incerteza que á volta do verán se leve a cabo unha nova subasta para o servizo de interrumpibilidade que garanta un prezo que a empresa considere axeitado para manter a actividade das fábricas en Galiza.

A actividade da fábrica está baseada nun consumo intensivo de enerxía e só é viable con prezos baixos da enerxía.

Ate o de agora ese prezo conquírese polos chamados acordos de interrumpibilidade, que fixan un prezo aproximado para Alcoa dun terzo do prezo que pagan o resto dos consumidores.

É necesario conservar os postos de traballo, xa que non se poden permitir máis despidos nun país tan castigado pola crise e onde se ten destruído nos últimos 6 anos o 25 % do emprego industrial, pero é preciso dunha vez por todas acabar coa interinidade e coa dependencia das decisións dunha empresa que en calqueira momento pode decidir a deslocalización da actividade.

É necesario acadar un xeito de suministro enerxético que servindo para a actividade das fábricas non penalice aos consumidores, e porque a cambio de subvencións ao prezo enerxético se tomen medidas graduais que rebaixen consumo, as emisións e a garantía de mantemento de emprego.

Neste país prodúcense todos os anos máis de 33.081 Gwh cúa produción supón que soportemos impactos ambientais severos. Desta cantidade expórtase o 40% todos os anos, sen que a cambio os galegos e galegas obteñamos contrapartida en forma de prezos ou condicións da comercialización da electricidade.

Por elo é primordial que o Goberno galego traballe nas solucións dos problemas de fondo nesta situación e que teñen moito que ver co modelo enerxético.

Dende hoxe débense de tomar as medidas necesarias para que o futuro de tantas persoas non dependa só das decisións dunha multinacional.

Por todo elo Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que liñas está a traballar a Xunta de Galicia para garantir a estabilidade dos empregos dos traballadores de Alcoa?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García  
Deputado do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 14/07/2015 11:30:18**